

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 17 de setembro de 2015, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

“PUNTO CUARTO.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUERIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA ADXUDICACIÓN POLO PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO NO CONCELLO DE AMES.-

A mesa de contratación, constituída no procedemento arriba indicado, en sesión celebrada o 9 de xullo de 2015, formulou proposta de clasificación por orden decrecente de puntuación das empresas admitidas a licitación, de acordo todo elo co previsto no artigo 83 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público.

En base ao anterior, e ao conxunto de antecedentes que figuran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da alcaldía (decreto 926/2015) adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Excluir do presente procedemento a empresa Autocares Rias Baixas, S.L. por incorrer a súa oferta en baixa desproporcionada e as empresas Castromil, S.A., e Autos Grabanxa, S.L. por exceder as súas ofertas o tipo de licitación do procedemento, segundo se especifica na acta do procedemento levantada ó efecto e que consta no expediente e que transcribimos a continuación:

*“Na Casa Consistorial de Ames sendo as dez horas do día nove de xullo de 2015, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do **“PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO DO CONCELLO DE AMES”***

ASISTENTES:

Presidenta:

Dona Luisa Feijoo Montero, concelleira delegada de educación, cultura, sanidade e servizos sociais.

Vogais:

Dona Rosa Ana Prada Queipo, secretaria da Corporación.

Don José Antonio Rueda de Valenzuela, interventor da Corporación.

Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

Secretaria: *Dona María Ofir Aboy García, auxiliar administrativa do departamento de secretaría.*

Dáse conta de que a empresa Autocares Rias Baixas, S.L. presentou documentación en relación coa xustificación da baixa temeraria na que incorrera a súa oferta económica, tal e como consta na acta da reunión da mesa de contratación do pasado día 21 de maio. En relación con este trámite a devandita empresa presenta un escrito, rexistrado de entrada co nº 7597, de data 27 de xuño de 2015, no que en síntese e como aspecto máis relevante respecto do trámite outorgado para xustificación da baixa temeraria no relativo ao importe da súa oferta manifesta o seguinte: "A nosa oferta de 72.226.- € + 7.272,20.- (IVE) para un total de 79.998,60 € IVE ENGADIDO por ano de execución do servizo, é racional e economicamente sostible. O non ter claro no prego de cláusulas administrativas si a oferta tiña que facerse en base a 3 ou 4 anos, decidimos poñer o prezo por ano para non saír prexudicados no caso de ser adxudicatarios do servizo."

O licitador manifesta que a súa oferta se refire un ano, aínda que indica que o fixo así porque non tiña claro se a oferta tiña que facerse en base a 3 ou 4 anos, pero claramente dí que a súa oferta se refire a un ano. O artigo 84 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento General da Lei de Contratos das Administracións Públicas dispón

que "se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese o presuposto base de licitación, variara substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adolece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desbotada pola mesa, en resolución motivada.....". Considerando o contido do devandito artigo e recoñecendo o licitador que a súa oferta se corresponde a un ano do contrato (consignou o importe de 1 ano en vez do correspondente aos 3 anos iniciais do contrato que o que debería figurar na oferta económica) e considerando asimesmo que a mesa de contratación debe entender que a oferta formulada polo licitador corresponde aos 3 anos iniciais de duración do contrato que é o que debe facer constar o licitador, pois este é o prazo inicial de execución do contrato, sen que exista posibilidade por parte da mesa de interpretalo doutro xeito, pois non pode arrogarse a facultade de suplir a vontade dos licitadores, nin admitir que se realicen aclaracións a oferta neste intre no que se coñecen as ofertas dos restantes licitadores, de tal xeito que de admitirse aclaracións na oferta estaríase vulnerando os principios de igualdade e concurrencia, procede o rexeitamento da proposición de autocares Rías Baixas, S.L. polos motivos e razoamentos expostos anteriormente.

Asimesmo e como xa determinou a mesa na súa reunión anterior do día 21 de maio e abundando no mesmo as ofertas de Castromil, S.A. e Autos Grabanxa, S.L. exceden o tipo de licitación que correspondería aos 3 anos iniciais de duración do contrato **(288.000.- Euros/3 anos, pois non se contempla formula algunha de revisión de prezos. Oferta Castromil: 299.600.-€ ; Oferta Autos Grabanxa. S.L: 345.000.-€)** e polo tanto deben ser rechazadas de acordo co establecido no anteriormente citado artigo 84 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento General da Lei de Contratos das Administracións Públicas que dispón que "se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, **excedese o presuposto base de licitación (como é o caso)** ou variara substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adolece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desbotada pola mesa, en resolución motivada....." Ao igual que no caso do licitador Autocares Rías Baixas, S.L. a mesa de contratación debe entender que a oferta formulada polos licitadores corresponde aos 3 anos iniciais de duración do contrato que é o que debe facer constar o licitador, pois este é o prazo inicial de execución do contrato, sen que exista posibilidade por parte da mesa de interpretalo doutro xeito, pois non pode arrogarse a facultade de suplir a vontade dos licitadores, nin admitir que se realicen aclaracións a oferta neste intre no que se coñecen as ofertas dos restantes licitadores, de tal xeito que de admitirse aclaracións na oferta estaríase vulnerando os principios de igualdade e concurrencia, procede o rexeitamento da proposición de autocares Castromil, S.A. e Autos Grabanxa, S.L.

A continuación e dando por excluídas as proposicións presentadas por Autocares Rías Baixas, S.L., Castromil, S.A., e Autos Grabanxa, S.L. procédese a calcular a puntuación das ofertas dos restantes licitadores resultando o seguinte:

Empresa	Oferta prazas usuarios normais (11 mínimas)	Puntos prazas normais (0,25/praza adicional sobre 11 mínimas)	Oferta prazas cadeira rodas (2 mínimas)	Puntos prazas cadeira rodas (0,50/praza adicional sobre 2 mínimas)	Oferta económica	Puntos oferta económica	Puntos totais
ARRIVA NOROESTE, S.L.	11	0	2	0	273.571,20	7,78	7,78
VEHÍCULOS COSTA, S.L.	11	0	3	0,50	213.000	10	10,5
AUTOCARES MODESTO RIVEIRO E VIAJES ROIS, S.L. (U.T.E.)	12	0,25	2	0	235.290	9,05	9,30

Unha vez obtida a puntuación total acadada polos licitadores, a Mesa de contratación de

acordo co establecido na Lei de contratos do sector público procede a elaborar a lista por orde decrecente de puntuación, resultando o seguinte:

LICITADOR	PUNTOS
VEHÍCULOS COSTA, S.L.	10,50
AUTOCARES MODESTO RIVEIRO E VIAJES ROIS, S.L. (UTE)	9,30
ARRIVA NOROESTE, S.L.	7,78

A vista do anterior e das puntuación obtidas, a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

1º.- Propoñer ó órgano de contratación a exclusión das empresas Autocares Rias Baixas, S.L., Castromil, S.A., e Autos Grabanxa, S.L. do presente procedemento polo motivos e razoamentos expostos anteriormente.

2º.- Trasladar ao órgano de contratación a lista de licitadores por orden decrecente de puntuación e propoñer a adxudicación da realización do **"SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO DO CONCELLO DE AMES"** á empresa **VEHÍCULOS COSTA, SL** con **CIF B-15645740** no prezo de **DOUSCENTOS TRECE MIL euros (213.000.-Euros)**, máis o I.V.E. correspondente do 10%, que ascende a cantidade de **vineteun mil trescentos euros (21.300.-€)**, e polo prazo de tres anos, así como no resto da condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adxudicataria.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as dez horas e vinte minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico".

Segundo.- Clasificar por orden decrecente de puntuación as empresas participantes declaradas admitidas no procedemento do seguinte xeito:

LICITADOR	PUNTOS
VEHÍCULOS COSTA, S.L.	10,50
AUTOCARES MODESTO RIVEIRO E VIAJES ROIS, S.L. (UTE)	9,30
ARRIVA NOROESTE, S.L.	7,78

Segundo.- Declarar que as características esenciais da referida contratación para o licitador clasificado en primeiro lugar, **VEHÍCULOS COSTA, SL** con **CIF B-15645740** son as seguintes:

A.- Prezo: O importe da oferta do antedito licitador ascende a douscentos trece mil euros (213.000 €) máis o IVE correspondente do 10% que ascende a cantidade de vinte e un mil trescentos euros (21.300 €) .

B. Duración do contrato: a duración inicial do contrato será de tres anos (3 anos) contados a partir do día seguinte ó da súa formalización. Os tres anos iniciais serán prorrogables expresamente, por mutuo acordo das partes, por un ano máis ata un máximo de catro anos (incluído período inicial e prórrogas).

D.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

No prazo de **10 días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo, o licitador clasificado en primeiro lugar deberá presentar a seguinte documentación imprescindible para, de ser o caso, proceder á correspondente adxudicación:

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

A-1) Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas:

- Escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fora: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente rexistro oficial.

- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A-3) Empresas non españolas de Estados membros da Union Europea

A capacidade de obrar das empresas non españolas de estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega)

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou dun certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (disposición adicional 14 TRLCSP).

A-5) Demais empresas estranxeiras

- Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar cun informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

- Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante un informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente análoga.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.e da TRLCSP)

A-7) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España

De acordo co art. 55.2 da TRLCSP, non se esixe dado que non se trata dun contrato de obras.

B) Poderes

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse dun poder notarial para representar á persoa ou á entidade en cuxo nome concorre ante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

Verificación de poderes

Os poderes a que se refire o apartado b) da presente cláusula deberán bastantearse previamente polo secretario da corporación ou por un funcionario habilitado.

C) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades

Declaración responsable de que a empresa interesada non se acha incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146 e 60 da TRLCSP, axustado ao modelo que se transcribe a continuación.

A declaración incluírá a manifestación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes e o feito de non ter débedas en período executivo co Concello de Ames, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito debe de presentarse antes da adxudicación polo empresario a cuxo favor se vaia efectuar esta, axúntase modelo,

"D/Dª..... con DNI..... e domicilio en..... actuando en nome e representación da empresa..... con domicilio en..... e CIF..... á que representa no procedemento de adxudicación do contrato denominado "....." (ou actuando en nome propio).

DECLARA

Que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa Administración establecidas no art. 60 do TRLCSP.

Así mesmo declara que se acha ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter débedas en período executivo co Concello de Ames.

(Lugar, data e sinatura do proponente)"

D) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica

En canto a solvencia económica, financeira e profesional e técnica acreditarase polos seguintes medios:

Esixírase a clasificación de contratistas do Estado, que comprenda:

Grupo R, Servizos de transporte

Subgrupo 1 Servizo de transporte en xeral

Categoría A (anualidade media sexa inferior a 150.000 Euros)

E) Datos identificativos do licitador

Enderezo, nº teléfono, nº fax e correo electrónico do empresario e do seu representante, se é o caso, para as comunicacións con este Concello.

O empresario, ao presentar a súa oferta, dá o seu consentimento a estas formas de comunicación citadas no parágrafo anterior.

F) Unións temporais de empresas

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE no caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 e 65 do TRLCSP.

G) Declaración de empresas vinculadas

No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 145 da TRLCSP, presentárase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social destas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

H) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña:

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que estean inscritas, acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o artigo 328 do TRLCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a Administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

Non obstante, aquelas empresas que con carácter voluntario figuren inscritas no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Excm. Deputación Provincial da Coruña ou Rexistro/s similares, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou simple referencia ao número de inscrición no Rexistro, e en consecuencia as empresas que figuren inscritas no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial da Coruña (Ordenanza

reguladora do Rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP Núm.64 con data do 20 de marzo de 1998) quedarán dispensadas de presentar os documentos referidos nos apartados A), B), C), D) E) e F), sempre que os citados documentos estean vixentes.

I) Enderezo aos efectos de notificacións:

Todos os licitadores deberán sinalar un domicilio para a práctica de notificacións. Esta circunstancia poderá ser complementada indicando un enderezo de correo electrónico e un número de teléfono e fax

J) Autorización para a cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación

Axustarase ao seguinte modelo:

"D/D^a..... con residencia enprovincia derúa nºsegundo DNIen nome propio (ou da empresaá que representa no procedemento de adxudicación do contrato denominado ".....")

AUTORIZA

Á Administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o considere oportuno.

(Lugar, data e sinatura do proponente)"

K) Seguro de Responsabilidade Civil

Deberá achegarse unha copia do contrato dun seguro de responsabilidade civil que cubra as garantías e indemnizacións que se lle poidan reclamar por danos e prexuízos. Deberá presentar un exemplar da devandita póliza despois da adxudicación da contrato e antes da súa formalización, así como un certificado ou documento acreditativo expedido pola entidade aseguradora de que se encontra ó corrente dos pagamentos. Ó mesmo tempo, estará obrigado a presentar ó vencemento da póliza, o recibo acreditativo do pagamento da póliza correspondente.

L) Xustificante de ter constituída garantía definitiva.

Deberá achegarse xustificante de ter constituída unha garantía definitiva do 5% do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido. Esta garantía poderá presentarse nalguna das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP.

Importe Total Garantía Definitiva (5% do prezo de adxudicación): 10.650,00 €uros

LL) Xustificante de ter aboado os gastos de anuncios.

Publicación do anuncio no xornal La Voz de Galicia por un importe de **290,40 €uros** (IVE incluído) e publicación no Boletín Oficial do Estado (BOE) por importe de **517,30 €**.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ós licitadores

Cuarto.- Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a dezasete de setembro de 2015, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe
O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria